



## IG408A - AXUDAS A PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL

### Concurrencia non competitiva



**Prazo de presentación:**  
Do **12 de febreiro** ás **9.00**  
ata o **30 de setembro** ás **14.00**

**Orzamento**  
**10.000.000 €**



### » PARA QUEN?

**Empresas galegas** ou cun centro de traballo en Galicia que realicen **calquera actividade económica** (agás aquelas que a normativa europea de aplicación non permite).

### » MODALIDADE E TIPOLOXÍA

#### MODALIDADE DE PROXECTOS DE INVESTIMENTO



Proxectos empresariais xerais



Proxectos en equipamento produtivo

#### TIPOLOXÍA DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES



Creación dun novo establecemento



Ampliación capacidade de establecementos existentes

### » CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

*Investimentos en activos fixos tanxibles e intanxibles nos que incorra a empresa dende a data de solicitude da axuda*

#### Proxectos de investimento empresarial xerais:

- ✓ **Obra civil** e adquisición de inmobles
- ✓ Compra de **maquinaria ou bens de equipamento**
- ✓ **Outros investimentos** en activos fixos
- ✓ **Aplicacións informáticas** directamente vinculadas co proceso produtivo
- ✓ **Adquisición de activos** dun establecemento

INVESTIMENTO MÍNIMO  
SUBVENCIONABLE  
**50.000 €**

INVESTIMENTO MÁXIMO  
SUBVENCIONABLE  
**800.000 €**

#### Proxectos de investimento en equipamento produtivo:

- ✓ Compra de **maquinaria ou bens de equipamento**

*O número de bens de equipamento non poderá superar a catro*

INVESTIMENTO MÍNIMO  
SUBVENCIONABLE  
**25.000 €**

INVESTIMENTO MÁXIMO  
SUBVENCIONABLE  
**800.000 €**

MÁIS INFORMACIÓN



MÁIS INFORMACIÓN





## IG408A - AXUDAS A PROXECTOS DE INVESTIMENTO EMPRESARIAL

### »» OUTRAS CUESTIÓN S A TER EN CONTA

- ✓ Nos gastos **iguais ou superiores a 15.000 €** (40.000 € no caso de execución de obra) deben achegarse **3 orzamentos** que sexan comparables, non vinculados, con clara identificación da oferta e destinatario, data de emisión e validez.
- ✓ As empresas que perciban unha subvención **superior a 30.000 €**, deberán:  
Presentar declaración responsable, no caso de que presenten conta de perdas e ganancias abreviadas.  
Noutros supostos, mediante certificación de auditora.
- ✓ A axuda debe supoñer un **efecto incentivador**: ningún dos custos alegados no proxecto poderá ser comprometido nin incorrido con carácter previo á solicitude (orzamentos aceptados, contratos en firme, facturas proforma conformadas, etc). Para estes efectos, a compra de terreos e determinados traballos preparatorios, como a obtención de permisos, ou a realización de estudos previos de viabilidade, non se consideran inicio do proxecto.

### »» CONTÍA DA AXUDA


#### INTENSIDADE DA AXUDA

PEQUENAS  
EMPRESAS  
**35 %**

MEDIANAS  
EMPRESAS  
**25 %**

### »» PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

- ✓ **Prazo máximo de execución:** estará fixado na resolución de concesión e como máximo rematará o **31 de marzo de 2028**.
- ✓ **Prazo de xustificación e solicitude de cobro:** un mes a partir da data de fin de execución do proxecto fixada na resolución de concesión.



#### COMO A SOLICITO?

Solicita a túa axuda en  
[www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es)

